

# Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

ORGANIZA

Fundación Juana de Vega

USC LABORATE
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA

FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS

COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA

Fundación RIA
Rede de Innovación Arousa

# DE QUÉN DEPENDE ESTA INICIATIVA:

**LIDERAN:**

Fundación Juana de Vega

Laboratorio del Territorio (LaboraTe), Campus Terra USC) Lugo



**COLABORAN:**

Fundación RIA

Colegio Profesional de Periodistas de Galicia

Fundación Roberto Rivas



## MOTIVACIÓN E PUNTO DE PARTIDA:

## O TERRITORIO GALEGO TEN MUDADO DE XEITO DRÁSTICO NO ÚLTIMO MEDIO SÉCULO:

| | |
|---|---|
| POLARIZACION<br>ABANDONO<br>DESAGRARIZACION<br>LUMES | ESPECIALIZACION<br>CONCENTRACION DA POBOACION<br>FORESTACION<br>DESEQUILIBRIO DA BALANZA ALIMENTARIA |
| CONTEXTO DA MUDANZA CLIMÁTICA | |

**É URXENTE**

CONSOLIDAR UNHA VISIÓN ESTRATÉXICA DE ORDENACIÓN TERRITORIAL

APUNTALAR OS AVANCES EN MATERIA DE XESTIÓN DE TERRAS

IMPULSAR DE FORMA DECIDIDA A REXENERACIÓN AGRARIA DO TERRITORIO

CONSERVAR E POTENCIAR OS SEUS VALORES AMBIENTAIS E A CALIDADE DE VIDA



**PROCESO DO FORO TERRITORIO RURAL RESILIENTE:**

MODELO PARTICIPATIVO

EVENTO PÚBLICO FINAL E DE MESAS DE TRABALLO PREPARATORIAS QUE FOMENTARÁN A PARTICIPACIÓN DE ACTORES CHAVE

DIVIDIDO EN FASES

GRUPOS 15/20 EXPERTOS E REPRESENTANTES SECTORIAIS DEBATERÁN EN MESAS TEMÁTICAS

DOCUMENTO DE PARTIDA PARA CADA MESA ABERTO O DIALOGO E APORTACIONS

OUTROS NIVEIS DE PARTICIPACION PREVISTOS

EVENTO FÍSICO **28 DE MAIO** **SANTIAGO DE COMPOSTELA**

## ESTRUCTURAS DAS MESAS :

**MESA 1.**VISIÓN ESTRATÉXICA DO TERRITORIO RURAL.

**MESA 2.**A ORDENACIÓN DE USOS E INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN NO RURAL.

**MESA 3.**MOBILIZACIÓN E XESTIÓN ACTIVA DO ESPAZO AGROFORESTAL

**MESA 4.** PERSOAS, POBOACIÓN E ACTIVIDADES NO RURAL

**MESA 5.**GOBERNANZA, COOPERACIÓN PÚBLICO-PRIVADA PARA A ORDENACIÓN TERRITORIAL

**MESA 6.**COMUNICACIÓN E CONCIENCIACIÓN SOCIAL

As aportacións desta mesa de traballo, xunto coas outras, contribuirán ao obxectivo principal do Foro.

**OBXECTIVO DO FORO TRR:** CONTRIBUÍR A UN TERRITORIO RURAL MÁIS ACTIVO, RESILIENTE AO LUME E PREPARADO PARA AFRONTAR OS RETOS ECONÓMICOS, DEMOGRÁFICOS, CLIMÁTICOS E AMBIENTAIS, A TRAVÉS DA MELLORA DA ORDENACIÓN E XESTIÓN TERRITORIAL.



## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- **MASA CRÍTICA DE AXENTES E ORGANIZACIÓNS SENSIBILIZADAS E MOBILIZADAS PARA AVANZAR NUNHA VISIÓN TERRITORIAL RESILIENTE E XUSTA**
- **DIAGNOSE DA PROBLEMÁTICA TERRITORIAL** QUE DÁ ORIXE Á VULNERABILIDADE FRONTE AOS GRANDES LUMES
- **ESTADO ACTUAL DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL E XESTIÓN DE TERRAS**, CUNHA ATENCIÓN ESPECIAL AOS USOS NO RURAL.
- **COORDINACIÓN PÚBLICO-PRIVADA E INSTITUCIONAL NO DESEÑO E EXECUCIÓN DE POLÍTICAS ACTIVAS**.
- **POÑER EN VALOR EXPERIENCIAS DE ÉXITO** NA RECUPERACIÓN DA XESTIÓN DO ESPAZO RURAL.
- **CONSENSUAR LIÑAS DE TRABALLO PRIORITARIAS PARA RECUPERAR A XESTIÓN ACTIVA DO ESPAZO RURAL, EN PARTICULAR CON USOS AGROGANDEIROS**



**CON QUEN IMOS CONTAR NO PROCESO- GRUPO(S) OBXECTIVO**

- RESPONSABLES INSTITUCIONAIS A NIVEL LOCAL E REXIONAL: ALCALDES, XUNTA DE GALICIA, DEPUTACIÓNS E OUTRAS AAPP CON COMPETENCIAS RELEVANTES.
- PERSOAL TÉCNICO E INVESTIGADOR PÚBLICO E PRIVADO RELACIONADO (PERSOAL UNIVERSIDADES E CENTROS INVESTIGACIÓN, PERSOAL TÉCNICO E ASESOR...).
- ONGS (DE DIFERENTE TIPO: AMBIENTAIS, GDRS, OUTRO TIPO DE ASOCIACIÓNS...)
- SECTOR EMPRESARIAL: SECTOR AGROGANDEIRO, FORESTAL, FINANCEIRO E OUTROS RELACIONADOS OU SENSIBLES AOS PROCESOS TERRITORIAIS
- SECTOR COMUNICACIÓN: XORNALISTAS, RESPONSABLES DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN, RESPONSABLES DE COMUNICACIÓN DE ORGANIZACIÓNS PÚBLICAS E PRIVADAS, *INFLUENCERS*...,
- SOCIEDADE NO SEU CONXUNTO

# PRESENTACIONS PARTICIPANTES





# EXPECTATIVAS:

## QUÉ CHE GUSTARÍA QUE QUEDASE TRATADO AO REMATAR ESTA PRIMEIRA XUNTANZA?

## CAL SERÍA UN BO RESULTADO?

# SÍNTESE DO DOCUMENTO DE PARTIDA





## OBXECTIVO E FOCO DA MESA

ESTA MESA QUERE SER :UN **ÁMBITO DE REFLEXIÓN**, PARA **ANALIZAR AS BARREIRAS, DESTACAR BOAS PRÁCTICAS** E **INICIATIVAS ESPECIALMENTE INTERESANTES** QUE SIRVAN COMO **EXEMPLOS DE TERRITORIOS RESILIENTES** OU QUE SE CONSTITÚAN COMO **REFERENTES PARA ORIENTAR** E DEFINIR O MARCO CONCEPTUAL E ESTRATÉXICO QUE DEBE GUIAR A ORDENACIÓN E XESTIÓN DO TERRITORIO RURAL GALEGO NAS PRÓXIMAS DÉCADAS.

- PROMOVER UNHA **REFLEXIÓN COMPARTIDA SOBRE O RURAL GALEGO**
- POÑENDO O FOCO NA **REMUDA XERACIONAL AGROGANDEIRA** COMO PRINCIPAL ACTIVIDADE DE **XESTIÓN ACTIVA DO TERRITORIO**
- SEN PERDER DE VISTA AS **DIMENSIÓNS CRAVE TRANSVERSAIS QUE CONDICIONAN A RETENCIÓN E ATRACCIÓN DE POBOACIÓN (**ACCESO Á VIVENDA, MOBILIDADE, DISPOÑIBILIDADE DE SERVIZOS BÁSICOS.

## Pregunta central:

# QUE CONDICIÓN CONCRETAS DEBEMOS CAMBIAR PARA QUE MAIS PERSOAS POIDAN VIVIR DIGNAMENTE DA XESTIÓN ACTIVA DA TERRA NO RURAL GALEGO?



En particular:

- Remuda xeracional no sector agrogandeiro
- Atracción e retención da poboación
- Activación económica do territorio



## CONSENSUAR CONCEPTOS DE PARTIDA:

**ACTIVIDADES AGROPECUARIAS:** motor principal da economía rural, vinculadas ás cadeas de valor alimentaria, a principal actividade que propicia unha axeitada xestión do territorio e permite conservar a capacidade de resiliencia do mesmo. Abarca a explotación directa de recursos naturais e inclúen o sector forestal e a apicultura

| Compoñentes: | Finalidade: | Sistemas: |
|---|---|---|
| Subsector Agrícola | Produción de alimentos | Intensivos |
| Subsector Pecuario | Materias primas | Extensivos |

De xeito complementario, ademais de poñer o foco no sector agrogandeiro, imos deixar constancia neste documento doutros sectores e actividades que teñen impacto significativo na promoción dun territorio rural mais resiliente.

**REMUDA XERACIONAL** (ou substitución xeracional)

é o proceso de transición de liderado, xestión e propiedade dunha empresa, actividade económica ou patrimonio dunha xeración maior a unha máis nova. É un paso crítico para garantir a continuidade, a estabilidade e a adaptación ao futuro das organización (e do territorio)



**XESTION ACTIVA:** A xestión activa dun territorio é un conxunto de estratexias, accións e intervencións planificadas que buscan organizar, desenvolver e potenciar os recursos dunha zona específica (xa sexa forestal, rural ou urbana) de maneira sostible e ordenada.

A diferenza da xestión pasiva ou de simple conservación, a xestión activa implica a **toma de decisións e a execución de medidas** para previr riscos (como incendios), mellorar a produtividade ou adaptar o territorio ás demandas sociais e económicas actuais.

**TERRITORIO:** Un territorio rural é unha zona xeográfica de baixa densidade poboacional (xeralmente menos de 2000-2500 habitantes), caracterizada polo predominio de paisaxes naturais, usos de chan agrícolas, gandeiros ou forestais, e actividades económicas primarias.

O territorio non é simplemente un terreo físico, senón unha porción de espazo apropiado, organizado e percibido polas persoas. Pola súa banda, a paisaxe é a interacción entre os elementos naturais (relevo, clima, vexetación) e os factores humanos (accións, cultura, percepción) que ocorre dentro dese territorio.

A **RESILIENCIA TERRITORIAL** debe entenderse como a capacidade do sistema territorial para adaptarse, reorganizar funcións e reducir vulnerabilidades estruturais nun contexto de cambio demográfico, climático e funcional.



**RETO QUE QUEREMOS ABORDAR:**

**SEGUNDO O FORO ECONÓMICO DE GALICIA :** "A redución da man de obra no sector agrario e o envellecemento dos titulares de explotación fixeron que o relevo ou remuda xeracional no sector se convertera nos anos recentes nunha cuestión candente na Unión Europea, obxecto de crecente atención na axenda política sobre o futuro da agricultura e das áreas rurais.

No caso de Galicia trátase dunha cuestión moi relevante a MP, desde diferentes puntos de vista:**económico** (futuro de Galicia como produtora de alimentos); **social** (para o tecido socioeconómico das áreas rurais); **ambiental** (conservación dos recursos naturais, a paisaxe e a biodiversidade); **territorial** (xestión do territorio e dos usos da terra nas distintas zonas da nosa xeografía)".

## ANTECEDENTES:

**O RELEVO XERACIONAL NO SECTOR AGROPECUARIO GALEGO DURANTE O S, XX** caracterizouse por unha transición lenta e despois acelerada dende a agricultura de subsistencia á modernización gandeira (especialmente láctea), nos anos 50.

A transformación tivo o seu forte na produción intensiva, sobre todo no interior da Coruña, Lugo e norte Pontevedra. (Foro Económico de Galicia)

- **TRANSFORMACIÓN INICIAL (ANOS 50-60):**
- **FOCO NA GANDEIRÍA**
- **RELEVO LENTO:**
- **CAMBIO DE SÉCULO**

Aínda que a produción aumentou, o sector agropecuario galego **no século XX** enfrontou unha **tardía e abrupta redución do censo agrario**, que condicionou a incorporación de novas xeracións.

**O RELEVO XERACIONAL NO AGRO GALEGO NO SÉCULO XXI** enfróntase a unha crise estrutural: máis do 70% dos titulares de explotacións agrarias e gandeiras enfróntanse á xubilación a curto prazo. O sector conta con preto de **50.000 persoas traballando** e presenta gran avellentamento, xa que só o 12% dos titulares teñen menos de 40 anos.



DOCUMENTO 44 — Foro Económico de Galicia

**CADRO 1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NO SECTOR AGRARIO EN GALICIA E EN ESPAÑA 1985-2024**

| | GALICIA | | ESPAÑA | |
|---|---|---|---|---|
| | Número (miles) | Índices (1985=100) | Número (miles) | Índices (1985=100) |
| 1985 | 415,1 | 100,0 | 1.829,6 | 100,0 |
| 1995 | 223,9 | 53,9 | 1.040,1 | 56,8 |
| 2008 | 69,8 | 16,8 | 779,4 | 42,6 |
| 2009 | 67,0 | 16,1 | 745,5 | 40,7 |
| 2010 | 66,0 | 15,9 | 749,1 | 40,9 |
| 2011 | 64,8 | 15,6 | 721,3 | 39,4 |
| 2012 | 59,3 | 14,3 | 703,5 | 38,5 |
| 2013 | 56,3 | 13,6 | 699,3 | 38,2 |
| 2014 | 49,1 | 11,8 | 702,4 | 38,4 |
| 2015 | 45,6 | 11,0 | 705,0 | 38,5 |
| 2016 | 49,2 | 11,9 | 738,0 | 40,3 |
| 2017 | 55,4 | 13,3 | 778,8 | 42,6 |
| 2018 | 52,3 | 12,6 | 772,9 | 42,2 |
| 2019 | 49,9 | 12,0 | 758,1 | 41,4 |
| 2020 | 49,4 | 11,9 | 723,9 | 39,6 |
| 2021 | 48,5 | 11,7 | 782,4 | 42,8 |
| 2022 | 50,6 | 12,2 | 760,8 | 41,6 |
| 2023 | 54,6 | 13,2 | 731,4 | 40,0 |
| 2024 | 53,8 | 13,0 | 719,9 | 39,3 |

*Fonte: INE e IGE, Enquisa de poboación activa.*




**Gráfico de evolución temporal (1985–2024)** que muestra:

- 📉 **Galicia:** una caída muy fuerte desde 415 mil personas en 1985 hasta alrededor de 50 mil en la actualidad.
- 📉 **España:** también disminuye mucho desde 1,83 millones en 1985 hasta alrededor de 720 mil en 2024, aunque con pequeñas fluctuaciones los últimos años.

O **VOLUME ACTUAL** da man de obra no sector agrogandeiro galego limítase a unhas **50.000 persoas**, logo de catro décadas dunha caída tardía e abrupta.

A iso únese un forte envellecemento dos titulares de explotación, máis acusado que a media española e europea.





**SITUACIÓN ACTUAL NO SECTOR AGROPECUARIO:**

**NA UNION EUROPEA**

A integración da mocidade na actividade agropecuaria é crucial para asegurar a sustentabilidade e o futuro do sector en Europa.

Os mozos e mozas enfrontan múltiples barreiras que dificultan o seu acceso e permanencia na agricultura como os seguintes, entre outros desafíos:

- **FALTA DE ACOMPAÑAMENTO TÉCNICO,**
- **CAPACITACIÓN**
- **ACCESO Á TERRA**
- **FINANCIAMENTO**


Distribución de idade dos xefes de explotacións agrícolas na UE
< 40 anos
12.0%
40–54 anos
30.4%
57.6%
55+ anos


Tipo de persoas que traballan regularmente na agricultura na UE
Outros traballadores
13.9%
86.1%
Titular ou familiar


Nivel de formación agrícola dos xefes de explotacións na UE
Formación agrícola completa
10.2%
Formación agrícola básica
17.5%
72.3%
Só experiencia práctica


Formación agrícola completa segundo grupo de idade
Porcentaxe con formación agrícola completa (%)
20.0
17.5
15.0
12.5
10.0
7.5
5.0
2.5
0.0
Agricultores novos
Maiores de 65



**EN ESPAÑA:**

España conta cunha proporción de novos agricultores e agricultoras **das máis baixas da UE.** Por eso urxe invertir as tendencias actuais e garantir unha mellor oportunidade de emprego á mocidade no medio rural, reducindo **as barreiras de entrada** e **adoptar medidas específicas para diminuír a fenda de emprego entre homes e mulleres en zonas rurais**.

**PERSPECTIVA DE XÉNERO:** as explotacións de mulleres son máis pequenas, de menor dimensión económica e menos rendibles. Ademais, a medida que aumenta a dimensión económica da explotación, a presenza de mulleres diminúe. Este feito vese aínda máis acentuado se as mulleres son novas.

Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Art.147 dos dereitos das mulleres no rural e no mar, **indica 3 accións:**

- Promoción do dereito á igualdade de trato e oportunidades en todos os ámbitos, sempre desde unha perspectiva interseccional.
- Consideración, no deseño e desenvolvemento das políticas públicas, as circunstancias que afectan as mulleres destes sectores.
- Promoción do empoderamento e participación activa das mulleres a través da elaboración e aprobación dos seus respectivos estatutos.



**SUCESIÓN CLÁSICA VS NOVOS ENTRANTES OU NEW COMERS:** o lado da **sucesión familiar clásica**, nos últimos anos asistimos en Europa a unha **atención crecente aos chama dos "novos entrantes",** aquelas persoas que se incorporan á actividade agraria como titulares de explotación, sen facelo na explotación familiar e, na maioria dos casos, sen antecedentes familiares próximos no sector.

A renovación xeracional esixe tanto que os mozos de orixe agraria sigan nesta vía profesional como que novos entrantes (**new comers**) se animen a incorporarse ao sector.

As **medidas de renovación xeracional no marco da PAC non foron até agora, en xeral, adecuadas para apoiar esta segunda vía**.

A **PAC 2023-2027** inclúe o relevo xeracional como un dos nove obxectivos prioritarios e enfatiza a necesidade de abordar este obxectivo cun **enfoque integral,** no que se coordinen as diferentes medidas financiadas pola PAC e tamén outros mecanismos e instrumentos a nivel estatal ou rexional, que son decisivos para apoiar o relevo en aspectos clave (por exemplo, o acceso á terra).

Estratexia de relevo Xeracional para o sector agrario no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 de España (PEPAC).



## EN GALICIA:

Tamén comezan a darse pasos nesa dirección. Despois de décadas sen un impulso político e un enfoque global do apoio ao relevo xeracional no sector, salvo pequenas excepcións, nos últimos anos estanse a impulsar iniciativas relevantes, ao menos potencialmente.

A Consellería do Medio Rural definiu unha estratexia de intervención no medio rural no horizonte de 2030. A estratexia estableceu **8 LIÑAS ESTRATÉXICAS**, sendo a terceira o "Impulso ao relevo xeracional na agricultura" que articulabase a través de **4 SUBLIÑAS**:

- ACCESO Á TERRA E/OU A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS
- APOIO Á INSTALACIÓN E Á CREACIÓN DE EMPRESAS AGRARIAS
- FORMACIÓN, TITORIZACIÓN E ASESORAMENTO
- SENSIBILIZACIÓN E INFORMACIÓN.

## EN GALICIA:

As novidades máis salientables postas en marcha polo de agora nese marco son:

- ALGÚNS DOS **INSTRUMENTOS REGULADOS POLA LEI 11/2021 DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA** DE GALICIA, COMO O **BANCO DE EXPLOTACIÓNS**, COAS “**AXUDAS Á COOPERACIÓN PARA A SUCESIÓN**” COMO COMPLEMENTO;

- O **REFORZO DO APOIO Á INSTALACIÓN**, CUNHA NOVA LIÑA PARA PERSOAS DE 40 A 55 ANOS

- DIVERSAS ACCIÓNS PARA O **REFORZO DO SISTEMA DE COÑECEMENTO E INNOVACIÓN AGRARIA RELACIONADO CO APOIO AO RELEVO**, POR EXEMPLO MEDIANTE OS **PROGRAMAS DE TITORIZACIÓN** ÁS PERSOAS QUE SE INCORPORAN POR PARTE DOS **SERVIZOS TÉCNICOS DAS OFICINAS RURAIS**.

CARACTERIZACIÓN DA MOCIDADE QUE TRABALLAN NO SECTOR AGROGANDEIRO:

- DISTRIBUCIÓN POR IDADE
- DISTRIBUCIÓN POR XÉNERO
- NIVEL EDUCATIVO (GRÁFICO DE BARRAS)
- REXISTRO EN CRAEGA- CONSELLO REGULADOR DE AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA
- TIPO DE PRODUCIÓN (INTENSIVA/EXTENSIVA)
- A ACTIVIDADE AGRARIA COMO INGRESO PRINCIPAL
- TIPO DE ACTIVIDADE PRODUTIVA PRINCIPAL
- DIVERSIFICACIÓN PRODUTIVA (UNHA OU VARIAS ACTIVIDADES)

# Estratexia e Resiliencia para o Territorio Rural de Galicia Mesa 4 Persoas, Poboación e Actividades no Rural























**OBSTÁCULOS PARA O RELEVO NO SECTOR AGROPECUARIO**

**PERCIBIDOS POLA MOCIDADE:**

- DIFICULTADES DOS MOZOS (E MOZAS) PARA ACCEDER A CRÉDITOS E FINANCIACIÓN DEBIDO Á FALTA DE GARANTÍAS E O RISCO PERCIBIDO POLAS ENTIDADES FINANCEIRAS.
- FALTA DE ACOMPAÑAMENTO TÉCNICO.
- NECESIDADES DE CAPACITACIÓN XERAL SOBRE O SECTOR E ESPECIALIZADA E DIXITALIZACIÓN.
- DIFICULTADES DE ACCESO Á TERRA- POLÍTICAS PÚBLICAS LEVADAS A CABO OU AS QUE FALTAN POR LEVAR A CABO
- FALTA DE INFRAESTRUTURAS E DE CONECTIVIDADE DAS EXPLOTACIÓNS.
- OBSTÁCULO DEMOGRÁFICO: ENVELLECEMENTO E ÉXODO.

**TENDENCIAS E RETOS NO SECTOR AGROGANDEIRO. ESCENARIOS.**



**PROPOSTAS PARA A ACCIÓN**

**PARLAMENTO EUROPEO, 2023**

- IMPLEMENTAR **POLÍTICAS QUE PROMOVAN O ACCESO A TERRA**, COMO **INCENTIVOS FISCAIS** PARA A VENDA OU ARRENDAMENTO DE TERRAS A PERSOAS MOZAS AGRICULTORAS E DESTE XEITO FREAR O CÍRCULO VICIOSO
- ESTABLECER **FONDOS DE GARANTÍA E MICROCRÉDITOS ESPECÍFICOS PARA MOZOS**, ASÍ COMO FORTALECER O ACCESO A **SUBSIDIOS Y AXUDAS DA POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN (PAC).** (PARLAMENTO EUROPEO, 2023)
- PROPOÑEN UNHA **LÍÑA DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN E ASESORAMENTO TÉCNIC**O, FACILITANDO O **ACCESO Á INNOVACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS**
- PROMOVER AS **INVERSIÓNS EN INFRAESTRUTURAS RURAIS** E NA **DIXITALIZACIÓN DO SECTOR AGROPECUARIO (E FORESTAL**).



**TENDENCIAS E RETOS NO SECTOR AGROGANDEIRO. ESCENARIOS.**

**PROPOSTAS PARA A ACCIÓN**

**POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC), PROPÓN: (INFORME SOBRE O PLAN ESTRATÉXICO DA PAC, 2021)**

- UNHA SERIE DE **PAGOS DIRECTOS E APOIOS ESPECÍFICOS PARA MOZOS** (QUE NALGÚNS CASOS PODEN REPRESENTAR HASTA O 50% DOS INGRESOS ANUAIS DE UN XOVEN AGRICULTOR DURANTE OS PRIMEIROS ANOS)
- PROPÓN UN **PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) CON MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA APOIAR A INSTALACIÓN DE XÓVENES AGRICULTORES** E A **MODERNIZACIÓN DAS SÚA EXPLOTACIÓNS**.
- ACTIVA UNHA DOTACIÓN DE MÁIS DE 8.000 MILLÓNS DE € PARA A **MODERNIZACIÓN E SUSTANTIBILIDADE DO SECTOR AGRÍCOLA** NO PDR 2021-2027.

**TENDENCIAS E RETOS NO SECTOR AGROGANDEIRO. ESCENARIOS.**

**PROPOSTAS PARA A ACCIÓN**

**RECOMENDACIÓNS MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN, 2024:**

MEDIDAS DE **APOIO FINANCEIRO** (PARA PRIMEIRA INSTALACIÓN E PARA MOZOS)

FOMENTO AO **EMPRENDEMENTO** (CON PROGRAMAS DE FORMACIÓN EMPRESARIAL E INCUBADORAS DE EMPRESAS AGROPECUARIAS)

DESENVOLVEMENTO DE **INFRAESTRUTURAS RURAIS** E ADOPCIÓN DE NOVAS **TECNOLOXÍAS**.



**OUTRAS ACTIVIDADES CLAVE QUE IMPACTAN NOS ESPAZOS RURAIS E NA SÚA CAPACIDADE DE RESILIENCIA SON OS SEGUINTES:**

ESTRATEXIA ULTREIA GALICIA: Estratexia de Emprendemento Ligado ao Territorio da Xunta de Galicia




REDE DE POLOS DE EMPRENDEMENTO

PORGRAMA REMUDA- AXUDAS VINCULADA

POROGRAMA RETORNA- AXUDAS VINCULADAS

BONO COMERCIO- AXUDAS VINCULADAS AO COMERCIO LOCAL RURAL

**BOAS PRÁCTICAS NO SECTOR AGROGANDEIRO**

1. AER ACROFARM
2. SEN MAIS
3. CULTIVO GALEGO
4. PROXECTO DOWN TO EARTH
5. BICOGAL
6. LABORATORIO ECOSOCIAL DO BARBANZA
7. COMUNIDADES DE IMPACTO – Viveiro

## BOAS PRÁCTICAS NOUTROS SECTORES E ACTIVIDADES

1. KUDEA GO:
2. BOSQUE ESCOLA DE EDUCALECRÍN:
3. INMACOIDA:
4. PONTUPSTORE
5. FORO EMPRENDIMIENTO RURAL,
6. COLIVINGS E COWORKINGS- PROXECTO FIXAR
7. CENTRO TRANSFORMACIÓN ALIMENTOS DE BAROÑA / AQUÍ HAI RURAL
8. MULLERES DA ESTRADA- MULLERES QUE PODEN / ASOC. ENTREMULLERES (MULLERES DE PARADANTA)

# CONCLUSIONS:

**IDENTIFICÁRONSE AS SEGUINTES BARREIRAS E PUNTOS DE MELLORA:**

BARREIRAS ECONÓMICAS E DE ACCESO A FINANCIACIÓN

BARREIRAS EDUCATIVAS E FORMATIVAS

BARREIRAS TECNOLÓXICAS

BARREIRAS BUROCRÁTICAS

DIFICULTADES DE DE ACCESO A TERRA.

FALTA DE ACOMPAÑAMENTO TÉCNICO

PERCEPCIÓN DO RISCO E A VULNERABILIDADE DO SECTOR.

INCORPORAR A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ABORDAXE DO RELEVO XERACIONAL

## OUTRAS ACTIVIDADES E ASPECTOS CRAVE QUE IMPACTAN NOS ESPAZOS RURAIS E NA SÚA CAPACIDADE DE RESILIENCIA SON OS SEGUINTES:

SERVIZOS ÁS PERSOAS E DE COIDADOS

MOBILIDADE(Modelo de las ciudades de los 15 minutos / Territorios de los 45 minutos)

COMERCIO LOCAL

OUTRAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS

SERVICIOS SANITARIOS BÁSICOS/ESPECIALIZADOS DE PROXIMIDADE (MODELO CIDADES DOS 15 MIN. / TERRITORIOS DOS 45 MIN.)

SERVICIOS EDUCATIVOS FORMATIVOS

OFERTA DE VIVENDA SUFICIENTE, DISPOÑIBLE E ACCESIBLE

OFERTA CULTURAL E DE OCIO DE CALIDADE E DIVERSA PARA TODALAS IDADES.

FOMENTAR UNA NARRATIVA REALISTA PERO EN POSITIVO SOBRE AS POSIBILIDADES DO RURAL.

PROMOVER O TECIDO ASOCIATIVO, A PARTICIPACIÓN E OS VALORES DEMOCRÁTICOS NOS TERRITORIOS RURAIS, A PROMOCIÓN DA IDENTIDADE DE PERTENENCIA.

COIDAR O PAPEL DAS MULLERES NA PROMOCION DE OPROTUNIDADES DO RURAL XA QUE SON ELAS AS QUE DECIDEN PERMANECER NO TERRITORIO E CON ELAS AS PERSOAS QUE ESTÁN O SEU CARGO O NA SUA CONTORNA FAMILIAR.

FACER DO TERRITORIO RURAL UN ESPACIO ACOLLEDOR E INCLUSIVO QUE PROPORCIONE UN ROL OS XÓVENES PERO TAMÉN OS MAIORES E AS PERSOAS CON NECESIDADES ESPECIAIS.

A CONEXIÓN E O REEQUILIBRIO ENTRE O RURAL E O URBANO, POÑENDO EN VALOR AS CONTORNAS RURAIS

TODO ELO DEBERÍA RECOLLERSE NUNHA ESTRATEXIA IMPULSADA DESDE O PÚBLICO E APOIADA DESDE AS INICIATIVAS PRIVADAS QUE ACELEREN O DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES DE RESILIENCIA DOS NOSOS TERRITORIOS RURAIS EN GALICIA.

## ENQUISA QUE ENVIAMOS:

BOTAS EN FALTA ALGO ESENCIAL?

ALGÚNA AFIRMACIÓN QUE MATIZAR, RE-ENFOCAR?

- COMPLETAR / ENGADIR
- CONCLUIR
- PRIORIZAR



## ENQUISA:

ASPECTOS FUNDAMENTAIS DO DOCUMENTO DE PARTIDA:

- Análise da situación demográfica e social do rural
- A problemática do relevo xeracional no sector agrogandeiro
- Dificultades de acceso á terra, económicas e burocráticas para a incorporación ao sector, clave para manter a agricultura e gandería como base do medio rural

ASPECTOS QUE FALTAN OU ESTÁN INFRAREPRESENTADOS:

- Maior análise das políticas públicas, axudas e novas medidas de acompañamentos ao sector
- Reforzar a visión integral do territorio: papel do sector forestal, gandería extensiva e comunidades de montes.
- Impulso á formación, mentoría e cooperación (educación no rural, cooperativas e captación de investimento ligado a bioeconomía e a economía circular)
- A movilidade como reto

ASPECTOS A REVISAR OU MATIZAR

- Necesidade dunha visión mais integrada do rural, abordando conxuntamente agricultura, gandería e monte
- Revisar o exceso de foco no sector agrogandeiro como único motor, incorporando outros sectores económicos do rural
- Mellorar a adecuación das políticas, a ordenación territorial e a burocracia á realidade das zonas con baixa pobocación

# WORLD CAFÉ

**Mesa 1: POBOACIÓN: RELACIÓN ENTRE ASPECTOS DEMOGRÁFICOS E PERDA DE XESTIÓN ACTIVA DO TERRITORIO (OBSTÁCULOS-BARREIRAS-DEFICITS)**

**Mesa 2: PERSONAS: IDENTIFICACIÓN DE LIDERADOS/ CASOS DE ÉXITO / INICIATIVAS DESTACADAS / BBPP**

**Mesa 3 PROPOSTAS PARA A ACCIÓN**





## **Mesa 1: POBOACIÓN:** RELACIÓN ENTRE ASPECTOS DEMOGRÁFICOS E PERDA DE XESTIÓN ACTIVA DO TERRITORIO **(OBSTÁCULOS- BARREIRAS-DEFICITS)**

| | |
|---|---|
| **RONDA 1** | Que patróns demográficos están a afectar de forma mais directa á xestión activa do territorio (envellecemento, masculinización, dispersión, perda de explotacións...)?<br>Que relación observades entre perda de poboación e abandono ou infrautilización da terra?<br>Que cambios serían necesarios para facer atractiva a xestión de terra como proxecto vital? |
| **RONDA 2** | Que peso real teñen as actividades agrarias e alimentarias na economía local e na xestión activa do territorio?<br>Principais barreiras reais para a remuda xeracional nas empresas (en especial no sector agrogandeiro)<br>Factores críticos para que unha persoa nova decida iniciar o continuar unha empresa / explotación / proxecto |
| **RONDA 3** | Que papel xogan a formación, o acompañamento técnico e as redes de apoio nos primeiros anos?<br>O acceso á vivenda e á terra está a actuar como limitante estrutural?<br>Cómo debemos incorporar a perspectiva de xénero e implicación? |



**Mesa 2: PERSONAS:** IDENTIFICACIÓN DE LIDERAZGOS/ CASOS DE ÉXITO / INICIATIVAS DESTACADAS / BBPP

| | |
|---|---|
| **RONDA 1** | Que exemplos coñecedes de dinámicas positivas de instalación de persoas novas vinculadas á **SECTOR AGRICOLA-FORESTAL**: LIDERADO DE PERSOAS / CASOS ÉXITO / INICITIVAS DESTACADAS / BBPP - ARGUMENTAR CADA PROPOSTA |
| **RONDA 2** | Que exemplos coñecedes de dinámicas positivas de instalación de persoas novas vinculadas á **SECTOR GANDEIRO:** LIDERADO DE PERSOAS / CASOS ÉXITO / INICITIVAS DESTACADAS / BBPP - ARGUMENTAR CADA PROPOSTA |
| **RONDA 3** | Que outras experiencias coñeces que estean logrando atraer a persoas novas e activar económicamente o territorio?<br>**OUTROS SECTORES E ACTIVIDADES**: LIDERADO DE PERSOAS / CASOS ÉXITO / INICITIVAS DESTACADAS / BBPP - ARGUMENTAR CADA PROPOSTA |



# Mesa 3 PROPOSTAS PARA A ACCIÓN

| | |
|---|---|
| **RONDA 1** | Que accións poden activarse nos próximos 12 meses desde os actores presentes nesta mesa?<br>Que medidas terían maior impacto a curto prazo para reforzar poboación e actividade vinculada á xestión activa do territorio?<br>Como pode a diversificación de actividades contribuír á resiliencia territorial fronte ao cambio climático? |
| **RONDA 2** | Que accións poden activarse nos próximos 12 meses desde os actores presentes nesta mesa?<br>Que medidas terían maior impacto a curto prazo para reforzar poboación e actividade vinculada á xestión activa do territorio?<br>Como pode a diversificación de actividades contribuír á resiliencia territorial fronte ao cambio climático? |
| **RONDA 3** | Que accións poden activarse nos próximos 12 meses desde os actores presentes nesta mesa?<br>Que medidas terían maior impacto a curto prazo para reforzar poboación e actividade vinculada á xestión activa do territorio?<br>Como pode a diversificación de actividades contribuír á resiliencia territorial fronte ao cambio climático? |



# Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

ORGANIZA Fundación Juana de Vega

USC LABORATE LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS

COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA

Fundación RIA Rede de Innovación Arousa